

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36020258	IES Nº 1	A Estrada	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Lingua galega e literatura	3º ESO	3	105

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	6
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	9
4.1. Concrecións metodolóxicas	25
4.2. Materiais e recursos didácticos	27
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	29
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	29
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	31
6. Medidas de atención á diversidade	32
7.1. Concreción dos elementos transversais	34
7.2. Actividades complementarias	36
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	37
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	39
9. Outros apartados	40

## 1. Introducción

O eixe do currículo de Lingua Galega e Literatura na etapa da ESO, constitúeno as competencias relacionadas cunha axeitada interacción oral e escrita nos distintos ámbitos e contextos e en función de diferentes propósitos comunicativos, así como co fomento do hábito lector, a interpretación dunha variada tipoloxía de textos e a apropiación dun patrimonio cultural.

Coñecer e dominar a lingua propia de Galicia é unha vocación do conxunto do sistema educativo. O alumnado usará a súa competencia para comunicarse e para integrarse. A través da nosa lingua o alumnado poderá acceder a un patrimonio literario valioso e a múltiples formas de comunicación oral, escrita, electrónica e audiovisual. Como dicía Castelao "somos galegos pola lingua que creamos, usamos e transmitimos".

O galego é unha lingua útil para vivir en Galicia e máis útil pola súa relación coa comunidade lusófono. Este departamento quere que o alumnado viva a lingua como cousa propia, diaria e mesmo afectivamente. Nun contexto como o estradense hai que desterrar non poucos atrancos e prexuízos para favorecer o uso do idioma entre o noso alumnado, que ano tras ano vemos como reflicte a merma no número de falantes que se dá en toda Galicia. O Consello de Europa recomenda reforzar a diversidade cultural e lingüística, ao tempo que advirte das vantaxes do plurilingüismo e da interculturalidade.

Somos conscientes da importancia da competencia lingüística e da circulación de competencias entre as linguas para lograr un maior dominio da linguaxe, clave para a inclusión social e o éxito escolar. No noso caso non falamos dunha linguaxe en abstracto, senón do idioma propio do noso pobo.

Desexamos que o noso alumnado estableza as relacións e conexións da nosa lingua con outras de matriz románica, pero tamén con aqueles idiomas que hoxe se usan nun mundo globalizado. As traducións galego-inglés, galego-francés e viceversa son neste sentido estimulantes. Non queremos só que o alumnado saiba gramática galega senón que perciba que o léxico e a estrutura do seu idioma teñen correlatos noutros. Tamén hai que prestar atención á diversidade que presenta o noso idioma e tamén ás achegas que nos pode ofrecer o portugués como lingua irmá, tanto para o aumento do prestixio do galego como para a aprendizaxe e recuperación de estruturas lingüísticas e vocabulario (infinitivo flexionado, futuro de subxuntivo...). Neste sentido, o departamento de LG inclúe, durante o curso 2023-24, o ensino do portugués en catro cursos da ESO (1º, 2º, 3º e 4º).

Non se pode ocultar a situación de minorización da lingua galega, que cómpre atendermos e dinamizarmos adecuadamente. Con esa finalidade, é preciso favorecer o uso e a aprendizaxe de xeito que se impulse a normalización da lingua e que se venzan as dificultades da súa menor presenza e repercusión social, motivadas en moitos casos por prexuízos que é necesario desmontar e superar. O alumnado galego e o que estuda en Galicia debe rematar a súa escolarización co nivel de usuario competente nas dúas linguas oficiais, galego e castelán, o que implica a utilización adecuada e eficaz das dúas linguas nun amplo repertorio de situacións comunicativas, propias de diferentes ámbitos, cun grao crecente de formalidade e complexidade.

No caso das áreas de Lingua Castelá e Literatura e de Lingua Galega e Literatura, os currículos presentan contidos similares en gran medida, e unha distribución igualmente similar en cada un dos cursos que conforman a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato. O galego precisa dun traballo específico, unha discriminación positiva poderíamos dicir, para corrixir os prexuízos que motivan ás veces o desuso. Como profesorado de lingua aspiramos a unha coordinación cos colegas que ensinan outras linguas, tamén as clásicas e estranxeiras, para unificar a terminoloxía, traballar en conexión pedagóxica e cooperar na competencia lingüística do alumnado.

A reflexión literaria favorece o coñecemento das posibilidades expresivas da lingua, desenvolve a capacidade crítica e creativa do alumnado, dálle acceso á memoria, á creatividade, á imaxinación, á descuberta das outras persoas, ao coñecemento doutras épocas e culturas, e enfróntao a situacións, sentimentos e emocións nunca experimentados, que enriquecen a súa visión do mundo e favorecen o coñecemento de si mesmo.

As nosas decisións programáticas obedecen ao grande obxectivo educativo e social de conseguir e consolidar falantes para o galego. Neste sentido, a materia de Lingua Galega en 3º de ESO continúa as liñas dos cursos anteriores na etapa coa novidade do achegamento á historia da literatura galega. Preténdese mellorar a eficacia comunicativa do alumnado na produción, recepción e interacción oral, escrita e multimodal e pola outra, favorecer un uso ético da linguaxe.

Tendo en conta que a aprendizaxe da lingua progresa en espiral, os contidos deste nivel non son significativamente diferentes aos de cursos anteriores, senón que a diferenza radica no grao de profundidade coa que son tratados.

Os criterios de avaliación e os contidos distribúense en catro bloques.

En primeiro lugar, «As linguas e os seus falantes» recolle diferentes aspectos sociolingüísticos, facendo fincapé na

diversidade lingüística e no desenvolvemento dunha actitude de respecto e aprecio pola lingua, carente de prexuízos de índole idiomática.

O segundo bloque, «Comunicación» abrangue os saberes implicados na comunicación oral e escrita e a alfabetización informacional e mediática.

O terceiro bloque, «Educación literaria» procura consolidar o hábito lector do alumnado, incrementar a súa capacidade para interpretar textos literarios e realizar un achegamento ao contexto histórico-cultural comprendido entre a Idade Media e a literatura «Antre dous séculos».

O cuarto e último bloque, «Reflexión sobre a lingua», pretende acometer a aprendizaxe sistemática da gramática a través de procesos de indagación.

Alén dos contidos lingüísticos, sociolingüísticos e literarios que inclúe a programación da materia de Lingua Galega e Literatura deste curso, cómpre tamén salientar a incorporación de nocións básicas doutras linguas como o catalán e o portugués, especialmente este último.

Este fomento do ensino/aprendizaxe do portugués está en consonancia coa Lei 1/2014, do 24 de marzo, para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía, e coas directrices da Unión Europea relativas ao coñecemento das variedades lingüísticas próximas e, de modo especial, ás transfronteirizas que presentan vínculos históricos e estruturais tan evidentes como acontece co galego e o portugués. A coñecida tamén como Lei Valentín Paz Andrade incide nesta idea ao establecer que «a lingua propia de Galicia, polo feito de ser intercomprensible co portugués, outórgalle unha valiosa vantaxe competitiva á cidadanía galega» e prosegue, «por iso debemos dotarnos de métodos formativos e comunicativos que nos permitan desenvolvernos con naturalidade nunha lingua que nos é moi próxima e nos concede unha grande proxección internacional».

A proposta didáctica que se presenta para 3º de ESO está articulada arredor de tres unidades didácticas que recollen os catro bloques mencionados.

A escollo das obras de lectura obrigatoria propostas para cada trimestre obedece aos seguintes criterios que se lles aplican á ducia de obras que se len ao longo da etapa:

- A inclusión de obras representativas do noso corpus literario.
- A inclusión de autoras e autores con obra salientable de xeito que non se repita ningún.
- A inclusión de temáticas actualizadas e atractivas para o noso alumnado que promovan a defensa de valores socioculturais e éticos (igualdade, dereitos humanos, benestar animal, conciencia ambiental...).
- A non repetición de temas.
- E a presenza de todos os xéneros ao longo da etapa: narrativa, poesía, teatro, ensaio divulgativo e cómic.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Describir e apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do recoñecemento das linguas do alumnado e a realidade plurilingüe e pluricultural da Península Ibérica, analizando a orixe e o desenvolvemento sociohistórico das súas linguas (e, máis concretamente, a do portugués, catalán e éuscaro), e as características das principais variedades dialectais do galego, para favorecer a reflexión interlingüística, combater os estereotipos e prexuízos e valorar a devandita diversidade como fonte de riqueza cultural.	1-5	2-3				1-2		1-3

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, formar opinión e ampliar as posibilidades de gozo e de lecer.	2	2	1	2-3	4	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia e fluidez e co rexistro adecuado, atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos, e participar en interaccións orais con actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais como para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	
OBX4 - Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma e avaliando a súa calidade e fiabilidade para dar resposta ás necesidades e aos intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento.	2-3-5	2	4	1	4	3		
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos atendendo ás convencións propias do xénero discursivo elixido, para construír coñecemento e para dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		
OBX6 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación, e integrala e transformala en coñecemento para comunicala desde un punto de vista crítico e persoal e, ao mesmo tempo, respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	4	2	3	
OBX7 - Seleccionar e ler de maneira autónoma obras diversas como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que evolucione en canto á diversidade, complexidade e calidade das obras e compartir experiencias de lectura para construír a propia identidade lectora e para gozar da dimensión social da lectura.	1-4			3	1			1-2-3

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX8 - Ler, interpretar e valorar obras ou fragmentos literarios do patrimonio galego, portugués e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais que permitan establecer vínculos entre textos diversos e con outras manifestacións artísticas, para conformar un mapa cultural, ampliar as posibilidades de gozo da literatura e crear textos de intención literaria.	1-4					1		1-2-3-4
OBX9 - Mobilizar o coñecemento sobre a estrutura da lingua e os seus usos e reflexionar de maneira progresivamente autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía axeitada, para desenvolver a conciencia lingüística, aumentar o repertorio comunicativo e mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita coma de recepción crítica.	1-2	2	1-2		5			
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, da resolución dialogada dos conflitos e da igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e desterrando os abusos a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz, senón tamén ético e democrático, da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

#### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	As nosas letras I	<p>Comezamos o curso coa avaliación inicial.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- As propiedades textuais: adecuación e coherencia.</li> <li>- Comprensión e análise de textos diversos. Usos da escrita para organizar o pensamento.</li> <li>- A poesía da IM. Análise do contido e da forma de cantigas medievais.</li> <li>- Lectura expresiva, dramatización e</li> </ul>	14	16	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	As nosas letras I	recitación de textos. - Planificar e redactar textos a partir de modelos dados. - Crear textos con intención literaria: un microrrelato de medo. - Lectura e reflexión argumentada dunha obra de referencia.	14	16	X		
2	A nosa lingua I	- A orixe do galego e das linguas románicas. Trazos do catalán como lingua románica. Diferenzas entre o galego e o portugués. - Análise da biografía lingüística do alumnado do centro e da localidade. - Os recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación. - Palabras patrimoniais, cultas e semicultas. Familias léxicas regulares e irregulares. - A formación de palabras e tipos. - Enriquecemento e ampliación de léxico: os hipónimos e os hiperónimos. - Coñecemento da lingua: o sistema vocálico e consonántico; estudo do substantivo e o adxectivo (morfoloxía e funcións). A acentuación. A puntuación. - Práctica oral. Mellora e avaliación da oralidade.	20	20	X		
3	As nosas letras II	- As cantigas de Santa María e a prosa medieval. - As mostras literarias dos Séculos Escuros. - Comprensión e análise de textos diversos. - As propiedades do texto: a cohesión. Mecanismos de referencia interna, gramaticais e léxicos: nominalizacións e hiperónimos. - Os textos expositivos. - Lectura expresiva, dramatización e recitación de textos.	12	12		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	As nosas letras II	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Creación de textos a partir de modelos dados.</li> <li>- Lectura e reflexión argumentada dunha obra de referencia.</li> </ul>	12	12		X	
4	A nosa lingua II	<ul style="list-style-type: none"> <li>- O plurilingüismo e as linguas da PI. A cooficialidade e a lusofonía.</li> <li>- A lingua dos Séculos Escuros: causas históricas que levaron a ese período de decadencia.</li> <li>- Lingua maioritaria/minoritaria e os prexuízos lingüísticos.</li> <li>- Coñecemento da lingua: os determinantes e os pronomes (os valores dos demostrativos e dos posesivos); a acentuación, a ortografía e a puntuación.</li> <li>- Práctica oral: mellora e avaliación da oralidade.</li> <li>- Ampliación de vocabulario, con novos campos semánticos.</li> <li>- Traballo de investigación sobre un tema de interese social.</li> </ul>	20	18		X	
5	As nosas letras III	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Comprensión e análise de textos diversos.</li> <li>- A literatura do século XIX. Contexto, características e textos. Os principais autores do Rexurdimento: Rosalía, Curros e Pondal.</li> <li>- Os medios de comunicación: a noticia, a reportaxe e a publicidade.</li> <li>- Lectura expresiva, dramatización e recitación de textos.</li> <li>- Creación de textos a partir de modelos dados.</li> <li>- Lectura e reflexión argumentada dunha obra de referencia.</li> </ul>	14	17			X
6	A nosa lingua III	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Traballo de investigación sobre un tema de interese académico.</li> <li>- A lingua estándar e os desvíos.</li> </ul>	20	22			X



UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
6	A nosa lingua III	<ul style="list-style-type: none"> <li>- As variedades lingüísticas, en especial as xeográficas, facendo fincapé no respecto da forma de falar de cadaquén.</li> <li>- Fenómenos de contacto entre linguas: bilingüismo, diglosia, préstamos e interferencias.</li> <li>- Coñecemento da lingua: o verbo. Uso coherente das formas verbais nos textos. Utilización do infinitivo flexionado e do futuro de subxuntivo.</li> <li>- As palabras invariables: o adverbio, a preposición e a conxunción. Usos e valores.</li> <li>- Amplicación de vocabulario: as relacións semánticas.</li> </ul>	20	22			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	As nosas letras I	16

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Comprender e valorar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais de certa complexidade de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos e avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado, como mínimo, comprende e valora o sentido global, a estrutura e a información máis relevante en textos orais e multimodais de diferentes ámbitos.	PE	75
CA3.1 - omprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	O alumnado comprende e interpreta o sentido global (información relevante e intención do emisor) do libro de lectura.		
CA3.2 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos de certa complexidade avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	O alumnado comprende e analiza o contido e a forma das cantigas medievais.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.5 - Explicar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico, atendendo á configuración e á evolución dos xéneros e subxéneros literarios.	O alumnado pon en relación as cantigas coa literatura da época e coas características da lírica trobadoresca medieval.		
CA3.6 - Establecer de maneira progresivamente autónoma vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas e culturais en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	O alumnado relaciona a obra de lectura con outras manifestacións artísticas e culturais en canto á súa temática e/ou á súa forma.		
CA2.4 - Comprender, valorar criticamente e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias e avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	O alumnado, como mínimo, comprende e interpreta o sentido global, a estrutura e a información máis relevante das cantigas medievais.		
CA2.5 - Planificar a redacción de textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle, presentando, despois da súa revisión, un texto final coherente, cohesionado e co rexistro axeitado.	O alumnado, como mínimo, planifica e redacta un microrrelato de medo, de maneira coherente, cohesionada e adecuada.		
CA2.6 - ocalizar, seleccionar e contrastar información de maneira progresivamente autónoma procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura, adoptando un punto de vista crítico e respectando os principios de propiedade intelectual.	Localiza, selecciona e contrasta información sobre algún aspecto das cantigas medievais.		
CA2.7 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías dixitais con relación á procura e á comunicación da información, reflexionando sobre as posibles manipulacións presentes nas canles de transmisión da información.	O alumnado, como mínimo, realiza unha reflexión coherente sobre as posibles manipulacións nas canles de transmisión de información.	TI	25
CA3.3 - Ler de maneira autónoma textos seleccionados en función dos propios gustos, intereses e necesidades e deixar constancia do progreso do propio itinerario lector e cultural explicando os criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e a experiencia da lectura.	O alumnado acode á biblioteca escolar, selecciona unha obra de acordo cos seus gustos ou preferencias lectoras e explica con corrección o motivo da súa escolla. Realiza unha lectura expresiva dalgún fragmento da obra seleccionada.		
CA3.4 - Compartir a experiencia da lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica, lectora e cultural.	O alumnado comparte a experiencia da lectura e relaciona o sentido da obra coa propia experiencia biográfica, lectora e cultural.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.7 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	O alumnado crea unha cantiga medieval, imitando os temas e recursos da época.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Xéneros discursivos desde o punto de vista produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación.</li> <li>- Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Valoración da forma e do contido do texto.</li> <li>- Produción escrita: planificación, textualización, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, definici</li> <li>- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Os signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.</li> <li>- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha selección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura.</li> <li>- Criterios e estratexias para a selección de obras variadas que inclúan autoras e autores galegos e, en menor medida, do ámbito lusófono a partir da utilización autónoma da biblioteca escolar e pública dispoñible.</li> <li>- Participación activa en actos culturais vinculados co circuío literario e lector.</li> <li>- Toma de conciencia e verbalización dos propios gustos e identidade lectora.</li> <li>- Expresión da experiencia lectora utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropriación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación.</li> <li>- Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos de maneira argumentada entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais.</li> <li>- Estratexias para a recomendación das lecturas en soportes variados ou ben oralmente entre iguais, enmarcando de maneira básica as obras nos xéneros e subxéneros literarios.</li> <li>- Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura do patrimonio literario galego e mostras do lusófono inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.</li> <li>- Estratexias de construción compartida da interpretación das obras a través de conversas literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica.</li> <li>- Estratexias de utilización de información sociohistórica, cultural e artística básica para construír a interpretación das obras literarias.</li> <li>- Relación e comparación dos textos lidos con outros textos orais, escritos ou multimodais, con outras manifestacións artísticas e culturais e coas novas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e d</li> <li>- Estratexias para interpretar obras e fragmentos literarios a partir da integración dos diferentes aspectos analizados e atendendo aos valores culturais, éticos e estéticos presentes nos textos, con especial atención ás lecturas</li> </ul>

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- que promovan a defensa do</li> <li>- Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados.</li> <li>- Creación de textos a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.).</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
2	A nosa lingua I	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e valorar, a partir da explicación sobre o desenvolvemento histórico do galego e do portugués, as semellanzas e diferenzas entre as dúas linguas, identificando e contrastando algúns dos seus trazos morfolóxicos máis salientables e ampliando o repertorio léxico básico en lingua portuguesa.	O alumnado sabe explicar a historia da nosa lingua, empregando a terminoloxía adecuada (substrato, estrato latino e superestrato) e identifica en textos as diferenzas entre galego e portugués.	PE	80
CA1.3 - Identificar e cuestionar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural e lingüística a partir da análise da diversidade lingüística do centro escolar e da contorna social próxima e da exploración e reflexión sociolingüística sobre os fenómenos de contacto entre linguas.	O alumnado analiza a súa práctica lingüística e valora a importancia de contribuír individual e socialmente á normalización da lingua galega, xa que entende que a diversidade lingüística é unha riqueza cultural.		
CA2.8 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística coa metalinguaxe específica e identificar e aclarar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	O alumnado participa nas tarefas de revisión e mellora das producións propias. Aprende dos erros e utiliza os coñecementos do uso da lingua, mostrando unha actitude positiva de superación.		
CA2.9 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe partindo da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais da comunicación.	Identifica e desterra os usos discriminatorios da lingua, os abusos e os usos manipuladores da linguaxe, utilizando unha linguaxe inclusiva e non discriminatoria..		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o dominio do sistema fonético-fonolóxico, o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas (infinitivo persoal, dativo de solidariedade etc).	O alumnado incorpora termos dos campos semánticos vistos, amplía o vocabulario aplicando procedementos de formación de palabras, coñece o sistema vocálico e consonántico do galego e coñece os usos e funcións do substantivo e do adxectivo.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA4.2 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e identificar e aclarar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Revisa os textos propios de maneira autónoma para aplicar correctamente as normas de acentuación e de puntuación.		
CA4.3 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e a metalinguaxe específica.	Explica e argumenta a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor.		
CA4.4 - Formular xeneralizacións sobre algúns aspectos do funcionamento da lingua a partir da observación, a comparación e a transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos, utilizando a metalinguaxe específica e consultando de maneira progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas en distintos formatos.	O alumnado explica as diferenzas de significado en función do uso da acentuación e da puntuación. O alumnado identifica, clasifica e describe o uso de substantivos e adxectivos nun texto. O alumnado describe correctamente os principais fonemas vocálicos e consonánticos do galego.		
CA1.2 - Valorar a lingua catalá, analizando as súas características máis básicas para coñecer e comprender a realidade lingüística de España.	O alumnado reconece o catalán como lingua románica e comprende realidade plurilingüe de España.		
CA1.4 - Elaborar traballos de investigación de maneira progresivamente autónoma en diferentes soportes sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social partindo da información seleccionada.	O alumnado realizará un traballo sobre a súa propia autobiografía lingüística, utilizando terminoloxía sobre os fenómenos de contacto de linguas (bilingüismo, diglosia, conflito lingüístico...).		
CA2.2 - Realizar exposicións orais de certa extensión e complexidade con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez, coherencia e cohesión e co rexistro adecuado en diferentes soportes, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	O alumnado expón oralmente a súa autobiografía lingüística, con fluidez, coherencia, cohesión e co rexistro adecuado.	TI	20
CA2.3 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais informais e en situacións orais formais de carácter dialogado, mantendo actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	Participa de maneira activa e adecuada en interaccións orais informais e en situacións orais formais de carácter dialogado.		
CA2.10 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos procurando consensos, tanto no ámbito persoal coma no educativo e no social.	Manifesta interese por unha escoita activa, baseando as súas relacións persoais na empatía e no respecto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Análise da propia biografía e da diversidade lingüística do alumnado do centro e da localidade.</li> <li>- Desenvolvemento sociohistórico da lingua galega e portuguesa.</li> <li>- Desenvolvemento de nocións básicas do portugués. Semellanzas e diferenzas morfolóxicas entre o galego e o portugués. Ampliación do vocabulario de uso cotián. As relacións históricas e políticas entre Galicia e Portugal.</li> </ul>

## Contidos

- Valoración e comprensión das principais características do catalán e das súas variantes.
- Elaboración de traballos de investigación relacionados coa diversidade lingüística.
- Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Valoración da forma e do contido do texto
- Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal.
- Interacción oral e escrita de carácter informal e formal: cooperación conversacional e cortesía lingüística. Escoita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos.
- Produción escrita: planificación, textualización, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, definici
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación. Procedementos explicativos básicos. Aposición.
- Mecanismos de cohesión. Conectores textuais distributivos, de orde, contraste, explicación. Mecanismos de referencia interna, gramaticais e léxicos (nominalizacións e hiperónimos de significado abstracto).
- Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de procesadores de texto e correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Os signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Diferenzas relevantes e interseccións entre a lingua oral e a lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.
- Recoñecemento da lingua como sistema e das súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conxio)
- Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras e consolidación dos procedementos léxicos (afixos) e sintácticos para a mudanza de categoría. A coordinación.
- Procedementos de adquisición e formación de palabras. Reflexión sobre as mudanzas no seu significado, as relacións semánticas entre palabras e os seus valores denotativos e connotativos en función do contexto e do propósito comunicativo.

UD	Título da UD	Duración
3	As nosas letras II	12

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Comprender e valorar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais de certa complexidade de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos e avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado comprende o sentido, a información relevante e a intención do emisor en textos orais e multimodais.		
CA2.4 - Comprender, valorar criticamente e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias e avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	Comprende, valora criticamente e interpreta o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos expositivos.		
CA2.5 - Planificar a redacción de textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle, presentando, despois da súa revisión, un texto final coherente, cohesionado e co rexistro axeitado.	Redacta uns textos que espertan interese e que respectan as características do xénero textual proposto.		
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	O alumnado comprende e interpreta o sentido global (información relevante, a intención do emisor) do libro de lectura.	PE	80
CA3.2 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos de certa complexidade avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	Comprende e analiza o contido e a forma das cantigas de Santa María e de textos dos Séculos Escuros.		
CA3.5 - Explicar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico, atendendo á configuración e á evolución dos xéneros e subxéneros literarios.	O alumnado pon en relación as Cantigas de Santa María e as manifestacións literarias dos Séculos Escuros coa literatura da época e o contexto histórico.		
CA3.6 - Establecer de maneira progresivamente autónoma vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas e culturais en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	O alumnado relaciona a obra de lectura con outras manifestacións artísticas e culturais en canto á súa temática e/ou forma.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.6 - ocalizar, seleccionar e contrastar información de maneira progresivamente autónoma procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura, adoptando un punto de vista crítico e respectando os principios de propiedade intelectual.	O alumnado localiza e selecciona información para elaborar un texto expositivo axeitado.	TI	20
CA2.7 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías dixitais con relación á procura e á comunicación da información, reflexionando sobre as posibles manipulacións presentes nas canles de transmisión da información.	O alumnado utiliza as novas tecnoloxías para procurar información e adopta un uso crítico para evitar a manipulación.		
CA3.3 - Ler de maneira autónoma textos seleccionados en función dos propios gustos, intereses e necesidades e deixar constancia do progreso do propio itinerario lector e cultural explicando os criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e a experiencia da lectura.	O alumnado recompila e comparte textos poéticos ou doutro xénero literario, relacionándoos co período estudado. Realiza unha lectura expresiva e/ou dramatizada dos textos.		
CA3.4 - Compartir a experiencia da lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica, lectora e cultural.	O alumnado, como mínimo, elabora un vídeo-poema a partir da obra de Rosalía de Castro.		
CA3.7 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	Crea textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Xéneros discursivos desde o punto de vista produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Secuencias textuais básicas, con especial atención ás expositivas.</li> <li>- Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación.</li> <li>- Xéneros discursivos propios do ámbito educativo (explicación, exposición...).</li> <li>- Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Valoración da forma e do contido do texto.</li> <li>- Produción escrita: planificación, textualización, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, definici</li> <li>- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- A expresión da subxectividade en textos de carácter expositivo. Identificación e uso das variacións das formas deícticas (fórmulas de confianza e cortesía) en relación coas situacións de comunicación.</li> <li>- Os signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.</li> </ul>



## Contidos

- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha prelección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura.
- Criterios e estratexias para a selección de obras variadas que inclúan autoras e autores galegos e, en menor medida, do ámbito lusófono a partir da utilización autónoma da biblioteca escolar e pública dispoñible.
- Participación activa en actos culturais vinculados co circuíto literario e lector.
- Toma de conciencia e verbalización dos propios gustos e identidade lectora.
- Expresión da experiencia lectora utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropriación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación.
- Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos de maneira argumentada entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais.
- Estratexias para a recomendación das lecturas en soportes variados ou ben oralmente entre iguais, enmarcando de maneira básica as obras nos xéneros e subxéneros literarios.
- Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura do patrimonio literario galego e mostras do lusófono inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Estratexias de construción compartida da interpretación das obras a través de conversas literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica.
- Estratexias de utilización de información sociohistórica, cultural e artística básica para construír a interpretación das obras literarias.
- Relación e comparación dos textos lidos con outros textos orais, escritos ou multimodais, con outras manifestacións artísticas e culturais e coas novas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e d
- Estratexias para interpretar obras e fragmentos literarios a partir da integración dos diferentes aspectos analizados e atendendo aos valores culturais, éticos e estéticos presentes nos textos, con especial atención ás lecturas que promovan a defensa do
- Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados.
- Creación de textos a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.).

UD	Título da UD	Duración
4	A nosa lingua II	18

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Identificar e cuestionar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural e lingüística a partir da análise da diversidade lingüística do centro escolar e da contorna social próxima e da exploración e reflexión sociolingüística sobre os fenómenos de contacto entre linguas.	O alumnado valora o plurilingüismo e coñece as linguas da PI. Explica o concepto da lusofonía. Analiza os conceptos de lingua maioritaria e minoritaria e aplícaos ao caso galego, contrastando con outras linguas.	PE	85

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.8 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística coa metalinguaxe específica e identificar e aclarar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Entrega os textos sen erros propios da falta de lectura atenta (p.ex. palabras repetidas, letras omitidas ou cambiadas...) e respecta os distintos aspectos propios dun uso lingüístico coidado.		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o dominio do sistema fonético-fonolóxico, o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas (infinitivo persoal, dativo de solidariedade etc).	O alumnado incorpora novo vocabulario e usa o dicionario para enriquecer o seu léxico; comprende e usa correctamente os determinantes e os pronomes (construcións xenuínas). Usa os coñecementos lingüísticos adquiridos anteriormente para enriquecer os seus textos e non cometer erros.		
CA4.2 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e identificar e aclarar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	O alumnado revisa os textos para que non teñan erros lingüísticos, utilizando os coñecementos sobre o uso da lingua acadados ata agora.		
CA4.3 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e a metalinguaxe específica.	Explica e argumenta a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor.		
CA4.4 - Formular xeneralizacións sobre algúns aspectos do funcionamento da lingua a partir da observación, a comparación e a transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos, utilizando a metalinguaxe específica e consultando de maneira progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas en distintos formatos.	O alumnado explica o valor e o uso dos determinantes e dos pronomes, nomeadamente os valores especiais dos posesivos e dos demostrativos e as construcións pronominais máis xenuínas (dativo de interese, de solidariedade...). Usa o dicionario para enriquecer o seu léxico.		
CA1.4 - Elaborar traballos de investigación de maneira progresivamente autónoma en diferentes soportes sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social partindo da información seleccionada.	Elabora un traballo de investigación sobre un tema de interese social, relacionado coa igualdade entre homes e mulleres.		
CA2.2 - Realizar exposicións orais de certa extensión e complexidade con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez, coherencia e cohesión e co rexistro adecuado en diferentes soportes, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	O alumnado, como mínimo, na súa exposición oral utiliza de maneira correcta o paradigma verbal, o léxico, a fonética e as estruturas morfosintácticas básicas da lingua galega. Utiliza de forma eficaz os recursos verbais e os non verbais.	TI	15
CA2.3 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais informais e en situacións orais formais de carácter dialogado, mantendo actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	O alumnado, como mínimo, nas súas intervencións orais mantén unha actitude de escoita activa e utiliza estratexias de cooperación e de cortesía.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.9 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe partindo da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais da comunicación.	Identifica os usos discriminatorios da lingua e utiliza, na súa práctica habitual, unha linguaxe inclusiva e non discriminatoria.		
CA2.10 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos procurando consensos, tanto no ámbito persoal coma no educativo e no social.	Manifesta interese por unha escoita activa, baseando as súas relacións persoais na empatía e no respecto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Desenvolvemento sociohistórico da lingua galega e portuguesa.</li> <li>- Desenvolvemento de nocións básicas do portugués. Semellanzas e diferenzas morfolóxicas entre o galego e o portugués. Ampliación do vocabulario de uso cotián. As relacións históricas e políticas entre Galicia e Portugal.</li> <li>- Desenvolvemento da reflexión sociolingüística. Exploración e rexeitamento de prexuízos e estereotipos lingüísticos. Os fenómenos do contacto entre linguas: bilingüismo, diglosia, préstamos, interferencias.</li> <li>- Elaboración de traballos de investigación relacionados coa diversidade lingüística.</li> <li>- Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Valoración da forma e do contido do texto</li> <li>- Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal.</li> <li>- Interacción oral e escrita de carácter informal e formal: cooperación conversacional e cortesía lingüística. Escoita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos.</li> <li>- Produción escrita: planificación, textualización, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, definici</li> <li>- Alfabetización mediática e informacional: procura e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios e transformación en coñecemento; comunica</li> <li>- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación. Procedementos explicativos básicos. Aposición.</li> <li>- Mecanismos de cohesión. Conectores textuais distributivos, de orde, contraste, explicación. Mecanismos de referencia interna, gramaticais e léxicos (nominalizacións e hiperónimos de significado abstracto).</li> <li>- Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de procesadores de texto e correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.</li> <li>- Os signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.</li> <li>- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.</li> <li>- Diferenzas relevantes e interseccións entre a lingua oral e a lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.</li> <li>- Recoñecemento da lingua como sistema e das súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras,</li> </ul>

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- compoñentes das oracións ou conxio</li> <li>- Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras e consolidación dos procedementos léxicos (afixos) e sintácticos para a mudanza de categoría. A coordinación.</li> <li>- Procedementos de adquisición e formación de palabras. Reflexión sobre as mudanzas no seu significado, as relacións semánticas entre palabras e os seus valores denotativos e connotativos en función do contexto e do propósito comunicativo.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
5	As nosas letras III	17

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.1 - Comprender e valorar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais de certa complexidade de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos e avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Comprende o sentido, a información relevante e a intención de textos orais relacionados cos medios de comunicación: a noticia, a reportaxe e a publicidade.	PE	80
CA2.4 - Comprender, valorar criticamente e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias e avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	Comprende o sentido, a información relevante e a intención de textos escritos relacionados coa medios de comunicación: a noticia, a reportaxe e a publicidade.		
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	O alumnado comprende e interpreta o sentido global (información relevante, a intención do emisor) do libro de lectura.		
CA3.2 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos de certa complexidade avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	Comprende e analiza o contido e a forma da poesía dos autores do Rexurdimento: Rosalía de Castro, Curros Enríquez e Eduardo Pondal.		
CA3.5 - Explicar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico, atendendo á configuración e á evolución dos xéneros e subxéneros literarios.	O alumnado pon en relación un texto do Rexurdimento coa literatura da época e o contexto histórico.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.6 - Establecer de maneira progresivamente autónoma vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas e culturais en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	O alumnado relaciona a obra de lectura con outras manifestacións artísticas e culturais en canto á súa temática e/ou forma.		
CA2.5 - Planificar a redacción de textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle, presentando, despois da súa revisión, un texto final coherente, cohesionado e co rexistro axeitado.	O alumnado, como mínimo, redacta unha reportaxe e entrega un texto coherente, cohesionado e adecuado.		
CA2.6 - ocalizar, seleccionar e contrastar información de maneira progresivamente autónoma procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura, adoptando un punto de vista crítico e respectando os principios de propiedade intelectual.	O alumnado, como mínimo, selecciona a información necesaria para elaborar unha reportaxe sobre un tema de interese.		
CA2.7 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías dixitais con relación á procura e á comunicación da información, reflexionando sobre as posibles manipulacións presentes nas canles de transmisión da información.	O alumnado utiliza as novas tecnoloxías para procurar información e adopta un uso crítico para evitar a manipulación.		
CA3.3 - Ler de maneira autónoma textos seleccionados en función dos propios gustos, intereses e necesidades e deixar constancia do progreso do propio itinerario lector e cultural explicando os criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e a experiencia da lectura.	O alumnado recompila e comparte textos poéticos do período estudado. Realiza unha lectura expresiva e/ou dramatizada dos textos.	TI	20
CA3.4 - Compartir a experiencia da lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica, lectora e cultural.	O alumnado, como mínimo, comparte a lectura de poemas dos autores do Rexurdimento a través dun podcast.		
CA3.7 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	Crea textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Xéneros discursivos desde o punto de vista produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación.</li> <li>- Xéneros discursivos propios do ámbito persoal: a conversación, con especial atención aos actos de fala que implican controversia co interlocutor (a discrepancia, a queixa, a orde, a reprobación).</li> <li>- Xéneros discursivos propios do ámbito social. Redes sociais e medios de comunicación. Etiqueta dixital e ris-cos de desinformación, noticias falsas, manipulación e vulneración da privacidade na Rede. Análise da imaxe e dos elementos paratextuais dos texto</li> </ul>

## Contidos

- Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Valoración da forma e do contido do texto.
- Producción escrita: planificación, textualización, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, definicións
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Os signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.
- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha selección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura.
- Criterios e estratexias para a selección de obras variadas que inclúan autoras e autores galegos e, en menor medida, do ámbito lusófono a partir da utilización autónoma da biblioteca escolar e pública dispoñible.
- Participación activa en actos culturais vinculados co círculo literario e lector.
- Toma de conciencia e verbalización dos propios gustos e identidade lectora.
- Expresión da experiencia lectora utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropiación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación.
- Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos de maneira argumentada entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais.
- Estratexias para a recomendación das lecturas en soportes variados ou ben oralmente entre iguais, enmarcando de maneira básica as obras nos xéneros e subxéneros literarios.
- Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura do patrimonio literario galego e mostras do lusófono inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Estratexias de construción compartida da interpretación das obras a través de conversas literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica.
- Estratexias de utilización de información sociohistórica, cultural e artística básica para construír a interpretación das obras literarias.
- Relación e comparación dos textos lidos con outros textos orais, escritos ou multimodais, con outras manifestacións artísticas e culturais e coas novas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e d
- Estratexias para interpretar obras e fragmentos literarios a partir da integración dos diferentes aspectos analizados e atendendo aos valores culturais, éticos e estéticos presentes nos textos, con especial atención ás lecturas que promovan a defensa do
- Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados.
- Creación de textos a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.).

UD	Título da UD	Duración
6	A nosa lingua III	22

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Identificar e cuestionar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural e lingüística a partir da análise da diversidade lingüística do centro escolar e da contorna social próxima e da exploración e reflexión sociolingüística sobre os fenómenos de contacto entre linguas.	O alumno recoñece os trazos da variedade estándar da lingua galega e valóraa como variante unificadora. Coñece as variedades dialectais e utiliza os trazos propios da súa zona. Comprende os fenómenos de contacto entre linguas e o concepto de normalización.		
CA2.8 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística coa metalinguaxe específica e identificar e aclarar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Revisa os seus textos para melloralos, facendo uso dos coñecementos lingüísticos, concretamente as relacións semánticas: sinonimia, antonimia, hiponimia, hiperonimia, campos semánticos... Entrega os textos sen erros e cun uso lingüístico coidado.		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o dominio do sistema fonético-fonolóxico, o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas (infinitivo persoal, dativo de solidariedade etc).	O alumnado coñece o paradigma verbal regular e irregular, con especial atención ao infinitivo de conxugado e o futuro de subxuntivo. Explica e usa distintos conectores e outros mecanismos de cohesión. Identifica e explica nun texto as unidades lingüísticas e as funcións e úsaas correctamente.	PE	80
CA4.2 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e identificar e aclarar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	O alumnado revisa os textos para que non teñan erros lingüísticos, utilizando os coñecementos sobre o uso da lingua acadados ata agora.		
CA4.3 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e a metalinguaxe específica.	Explica e argumenta a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor.		
CA4.4 - Formular xeneralizacións sobre algúns aspectos do funcionamento da lingua a partir da observación, a comparación e a transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos, utilizando a metalinguaxe específica e consultando de maneira progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas en distintos formatos.	O alumnado explica o funcionamento da lingua (dos substantivos, adxectivos, verbos, pronomes, conxuncións...), transforma enunciados e utiliza correctamente os distintos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.		
CA1.4 - Elaborar traballos de investigación de maneira progresivamente autónoma en diferentes soportes sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social partindo da información seleccionada.	Elabora un traballo de investigación sobre propostas normalizadoras no seu concello e noutros. Propón iniciativas normalizadoras.		
CA2.2 - Realizar exposicións orais de certa extensión e complexidade con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez, coherencia e cohesión e co rexistro adecuado en diferentes soportes, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	Realiza exposicións coherentes, cohesionadas e adecuadas con fluidez e respecta as regras morfosintácticas e a fonética galegas.	TI	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais informais e en situacións orais formais de carácter dialogado, mantendo actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	O alumnado fai uso dos aspectos prosódicos da linguaxe non verbal (a presentación, a posta en escena, os xestos, a mirada), manifesta autocontrol das emocións ao falar en público e diríxese ao auditorio con autoconfianza e seguridade.		
CA2.9 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe partindo da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais da comunicación.	Coñece, aprecia e usa as normas que reñen a cortesía na comunicación oral: respecta as quendas de palabra, o espazo, xestícula de xeito adecuado, escoita activamente os demais e usa fórmulas de saúdo e despedida.		
CA2.10 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos procurando consensos, tanto no ámbito persoal coma no educativo e no social.	Manifesta interese por unha escoita activa, baseando as súas relacións persoais na empatía e no respecto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Desenvolvemento sociohistórico da lingua galega e portuguesa.</li> <li>- Desenvolvemento de nocións básicas do portugués. Semellanzas e diferenzas morfolóxicas entre o galego e o portugués. Ampliación do vocabulario de uso cotián. As relacións históricas e políticas entre Galicia e Portugal.</li> <li>- Desenvolvemento da reflexión sociolingüística. Exploración e rexeitamento de prexuízos e estereotipos lingüísticos. Os fenómenos do contacto entre linguas: bilingüismo, diglosia, préstamos, interferencias.</li> <li>- Elaboración de traballos de investigación relacionados coa diversidade lingüística.</li> <li>- Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Valoración da forma e do contido do texto</li> <li>- Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal.</li> <li>- Interacción oral e escrita de carácter informal e formal: cooperación conversacional e cortesía lingüística. Escoita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos.</li> <li>- Produción escrita: planificación, textualización, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, definicións</li> <li>- Alfabetización mediática e informacional: procura e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios e transformación en coñecemento; comunica</li> <li>- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación. Procedementos explicativos básicos. Aposición.</li> <li>- Mecanismos de cohesión. Conectores textuais distributivos, de orde, contraste, explicación. Mecanismos de referencia interna, gramaticais e léxicos (nominalizacións e hiperónimos de significado abstracto).</li> <li>- Uso coherente das formas verbais nos textos. Recoñecemento e utilización do infinitivo flexionado e do futuro de subxuntivo. Contextos de uso.</li> <li>- Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e</li> </ul>



## Contidos

- de procesadores de texto e correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Os signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Diferenzas relevantes e interseccións entre a lingua oral e a lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.
- Recoñecemento da lingua como sistema e das súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conexións)
- Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras e consolidación dos procedementos léxicos (afixos) e sintácticos para a mudanza de categoría. A coordinación.
- Relación entre os esquemas semántico e sintáctico das oracións coordinadas. Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria.
- Procedementos de adquisición e formación de palabras. Reflexión sobre as mudanzas no seu significado, as relacións semánticas entre palabras e os seus valores denotativos e connotativos en función do contexto e do propósito comunicativo.
- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramáticas, en formato físico ou electrónico, para obter información gramatical básica.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía didáctica será activa e participativa, favorecendo o traballo individual e o cooperativo do alumnado, así como o logro dos obxectivos e das competencias correspondentes.

Procurarase o traballo en equipo do profesorado co obxecto de proporcionar un enfoque multidisciplinar do proceso educativo, garantindo a coordinación de todos os membros do equipo docente de cada grupo.

A intervención educativa debe ter en conta como principio a diversidade do alumnado así como de respecto da súa individualidade (identidade, orientación sexual...) e con perspectiva de xénero, entendendo que deste xeito se garante o desenvolvemento de todos/as os/as alumnos/as e mais unha atención personalizada en función das necesidades de cadaquén. Os mecanismos de reforzo, que se deberán pór en práctica tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe, poderán ser tanto organizativos como curriculares.

Proporanse tarefas diversas que incrementen gradualmente a dificultade e promovan a autonomía de aprendizaxe, utilizando todos os soportes que nos brindan as novas tecnoloxías xunto cos soportes clásicos.

Promoverase a realización de actividades interdisciplinares en que sexa posible a colaboración de diferentes departamentos didácticos para reforzar os contidos ecolóxicos, de valores democráticos e a convivencia.

Promoveranse as actividades complementarias e extraescolares que axuden á consecución dos obxectivos da materia.

Partindo dos principios básicos anteriores, indicamos a súa concreción a través das seguintes liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe:

- O uso de distintos métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, favorezan a capacidade de aprender por si mesmos e promovan o traballo en equipo con perspectiva de xénero.
- A realización de proxectos significativos para o alumnado e a resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

- A énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades.
- O uso de estratexias para traballar transversalmente a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital e o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.
- O desenvolvemento gradual e progresivo dos contidos, de maneira que, ademais de incrementar a dificultade dos procesos e situacións comunicativas, tamén se vaian adquirindo habilidades máis complexas que propicien a aprendizaxe individual e autónoma.
- A gradación entre cursos non se establece tanto mediante a distribución diferenciada de contidos como en función da maior ou menor complexidade dos textos, das habilidades de produción ou interpretación requiridas, da metalinguaxe necesaria para a reflexión sobre os usos ou do grao de autonomía conferido ao estudantado.
- O traballo interdisciplinario e a coordinación con outros departamentos e equipos do centro, especialmente co equipo de dinamización da lingua galega e co equipo de biblioteca.

Esta colaboración incidirá na mellora dos procesos comunicativos e permitirá incorporar xéneros discursivos doutras materias e ámbitos de interese. As revistas escolares e as saídas didácticas (museos, exposicións, espectáculos...) son unha mostra deste traballo conxunto. Así mesmo, as actividades interdepartamentais en formato audiovisual (radio, televisión, documentais...) tamén poden ser instrumentos útiles e para a adquisición, produción e intercambio de contidos relacionados con distintas disciplinas. Todos eles deben contribuír á mellora nos procesos de produción e recepción oral, escrita e multimodal, así como a todo o que teña que ver coa alfabetización informacional.

- A potenciación do tratamento integrado de linguas (TIL), que se reflectirá na incorporación de nocións básicas dalgunhas linguas da Península Ibérica, especialmente da portuguesa, e que se fomentará con actuacións que lle faciliten ao alumnado galegofalante ou non, a intercomunicación nos dous idiomas (intercambios lingüísticos, concursos, glosariosbilingües/multilingües...). Cómpre que sexa consciente da utilidade deste coñecemento, non só para reforzar os vínculos culturais, sociais e económicos con Portugal e con toda a comunidade de países lusófonos, senón tamén para que a lingua galega adquira unha maior proxección internacional.

- A presentación de recursos dixitais en lingua galega que faciliten a busca de información, a revisión dos textos e a súa posterior divulgación, sempre con respecto aos dereitos de propiedade intelectual. Ademais de consultar datos e de ampliar contidos, o alumnado debe familiarizarse co manexo de tradutores, correctores ortográficos e dicionarios ou manuais de estilo que lle axuden a mellorar a redacción dos seus escritos. Tamén poden incorporarse procedementos que enriquezan os seus traballos e que permitan a súa difusión en distintos formatos (realidade aumentada, códigos QR...).

- A énfase nas estratexias que fomenten a oralidade e as competencias activas, co fin de que o alumnado adquira as habilidades necesarias para expresarse correctamente nunha ampla variedade de situacións comunicativas (espontáneas ou planificadas) e de contextos (formais e informais). Entre o amplo abano de actuacións que contribúen ao desenvolvemento desta destreza, están as dramatizacións e representacións teatrais, a radio coas súas múltiples posibilidades (podcasts, informativos, publicidade, teatro radiofónico...), a música (rap, poemas musicados...) e todo tipo de iniciativas en formato audiovisual (audiocontos, videopoemas, booktrailers, booktubers, tutoriais...).

- A promoción dun modelo lingüístico afastado da castelanización e da deturpación para conseguir unha lingua de calidade, valorando o dominio dos sistema fonético-fonolóxico -tanto vocálico como consonántico-, o uso do léxico tradicional e o emprego das estruturas morfosintácticas máis xenuínas da lingua galega.

- A erradicación dos prexuízos lingüísticos derivados da situación sociolingüística de Galicia nos últimos séculos, particularmente os que teñen que ver cos usos diglósicos do galego en determinados ámbitos. O alumnado debe comprender que non hai unhas linguas mellores ca outras; considerar isto non deixa de ser racismo lingüístico.

- A detección e eliminación dos usos discriminatorios e ofensivos da lingua, de modo que se propicie a reflexión sobre os principios democráticos e se favoreza a análise crítica dos conflitos, tanto no centro educativo como noutros ámbitos. Fomentárase un uso ético da linguaxe, a resolución dialogada dos conflitos e a construción de vínculos persoais e sociais baseados no respecto e na igualdade de dereitos de todas as persoas.

- A proposta de obras e fragmentos de textos, literarios ou non, atendendo a valores socioculturais e éticos que promovan a defensa dos dereitos humanos e a conciencia ambiental.
- A lectura de cantigas, poemas e fragmentos significativos da historia da literatura desde a Idade Media ao final do século XIX.
- As lecturas de obras desde unha perspectiva de xénero. Neste sentido, toman relevancia autores como Rosalía de Castro (defensora das capacidades intelectuais e sociais das mulleres e moi crítica coa sociedade sexista en que lle tocou vivir: "Carta a Eduarda") e Eduardo Pondal (a lectura dos poemas sexistas en que defende unha masculinidade que considera a muller como un elemento máis da natureza ao servizo do home servirá para estimular a lectura crítica por parte do alumnado, tanto respecto aos valores actuais como aos que predominaban nesa etapa histórica).
- As charlas con escritoras e escritores, os clubs de lectura ou os obradoiros literarios resultarán unha boa ferramenta para afondar nestes contidos.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Aula Virtual: tanto para realizaren entregas ou probas como para consulta.
Caderno: en que se reflectirán as tarefas de aula e o traballo da casa.
Libro de texto: como manual de consulta e de realización de tarefas. Lingua e Literatura 3, BAÍA ED.. Ver descrición
Libros de lectura individual: repartidos por avaliacións en diferentes xéneros (poesía, narrativa, banda deseñada). Ver descrición.
Recursos dixitais relacionados co currículo: Aulas Galegas.Galego ( <a href="https://aulasgalegas.org/category/linguas/galego/">https://aulasgalegas.org/category/linguas/galego/</a> ). Ver descrición.
Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego, 2003 (edición revisada) RAG/ILG
Feixó Cid, Xosé G. (2021). Gramática da lingua galega. Síntese práctica (6ª edición). Edicións Xerais de Galicia.
Dosil, Benxamín (2021). Manual de uso da lingua galega. Edicións Xerais de Galicia.
Fernández Salgado, Benigno (2004). Dicionario de usos e dificultades da Lingua galega. Galaxia.
Gómez Sánchez, Anxo e Queixas Zas, Mercedes (2001). Historia xeral da literatura galega. A Nosa Terra.
Méndez Álvarez, Mª Xesús (2004). Ortografía da Lingua Galega. Edicións Xerais de Galicia.
Pena Sánchez, Xosé Ramón (2013). Historia da literatura galega I. Das orixes a 1853. Edicións Xerais de Galicia.
Pena Sánchez, Xosé Ramón (2013). Historia da literatura galega I. De 1853 a 1916. Edicións Xerais de Galicia.
Regueira, Xosé Luís (2010). Dicionario de pronuncia da lingua galega. A Coruña: Real Academia Galega.

Neste apartado enumeramos algúns dos materiais e recursos que poden ser utilizados para materializar as concrecións metodolóxicas indicadas no apartado anterior.

Estes recursos poderán ser utilizados durante todo o curso, tendo en conta a dispoñibilidade real. En todo o caso, a variedade no uso de ferramentas didácticas redonda na mellora do proceso de ensino-aprendizaxe, facilitando a consecución dunha maior autonomía e dominio das competencias comunicativas e pragmáticas referidas á lingua.

ESPAZOS E RECURSOS DO CENTRO:

- As aulas e a biblioteca son os lugares en que o alumnado ten ao seu alcance a maioría dos recursos e materiais do centro.

- A biblioteca ofrece material bibliográfico en papel: obras de lectura, libros de texto, mapas, revistas, xornais e recursos dixitais para consultar información, realizar traballos de investigación etc. Ademais, realiza actividades dirixidas ao alumnado de todos os niveis: clubs de lectura, faladoiros, visitas ao Teatro Principal, participación en Radio Estrada etc.

- Medios audiovisuais: ordenadores, pantallas dixitais, canón, impresoras, tablets...

#### RELACIÓN DE RECURSOS DIDÁCTICOS:

O libro de texto utilizarase como ferramenta de consulta, aprendizaxe de contidos e fonte de realización de tarefas en diversos soportes: LINGUA GALEGA E LITERATURA 3, BAÍA.

O caderno servirá para reflectir algunhas tarefas de aula; entenderase como unha ferramenta de traballo máis onde recoller actividades e contidos.

Libros de lectura: fomentarse, a través de lecturas individuais, a consecución gradual de autonomía por parte do alumnado, así como o fomento do espírito crítico e a valoración da autoría de creacións artísticas, xunto coa comprensión e expresión escrita e a educación en valores e non discriminación. Algunha das lecturas servirá de fonte para realizar unha reinterpretación ou recreación, individual ou en grupo, que parta desa lectura previa.

#### RECURSOS DIXITAIS

Dicionarios en liña, xornais dixitais e acceso a diversos portais da lingua (Portal da Lingua Galega, Portal das Palabras), blogs, aplicacións etc. Citamos algunhas das páxinas WEB que proporcionan recursos relacionados co currículo de 3ºESO que poden ser manexadas durante o curso por apartados.

Información e exercicios de gramática e literatura:

<http://aprendogalego.com/> <https://www.ogalego.eu/>  
Aulas Galegas.Galego (<https://aulasgalegas.org/category/linguas/galego/>)...  
[http://cotovia.org/proxecto/ort/ort\\_00.html?orix=ort](http://cotovia.org/proxecto/ort/ort_00.html?orix=ort)

Dicionarios:

Diccionario castelán-galego. Rinoceronte Editora (<https://rinoceronte.gal/diccionario/>) Diccionario de pronuncia da lingua galega (<http://ilg.usc.es/pronuncia/>)  
Diccionario da Real Academia Galega (<http://www.realacademiagalega.org/diccionario#inicio.do>) Diccionario visual interactivo ([www.edu.xunta.es/contidos/diccionariovisual/diccionario.html](http://www.edu.xunta.es/contidos/diccionariovisual/diccionario.html))  
Vocabulario ortográfico da lingua galega (VOLG), RAG / ILG, Galaxia (<http://www.realacademiagalega.org/recursos-volg>)

Literatura:

Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades (22 de agosto de 2022). Base de datos da Lírica Profana Galego-Portuguesa. (<http://bernal.cirp.gal/ords/f?p=MEDDB3:2>)

Casa de Rosalía. Fundación Rosalía de Castro (<https://rosalia.gal/>)

Rosalía de Castro - A Casa de Rosalía de Castro. Lista de Spotify que recolle versións musicadas da obra de Rosalía de Castro (<https://open.spotify.com/playlist/2SJGaDUGMjdcBouKLBSjiw?si=da61844b3ee1403b>)

Fundación Curros Enríquez (<http://www.currosenriquez.es/>)

Tamén se debe contemplar, tal como se especifica no artigo 78 da Orde do 8 de setembro de 2021, a necesidade de materiais axeitados para a atención á diversidade. O centro dispón dunha equipación adecuada para todo o alumnado, mesmo para aquel que teña dificultades de accesibilidade ás súas instalacións (elevadores). Non obstante, o departamento de Lingua galega e literatura bota en falta material didáctico axeitado para este nivel, polo que será a profesora encargada de elaboralo.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial efectuarase nas primeiras dúas ou tres semanas de curso, antes de comezar co desenvolvemento dos contidos novos, e terá como obxecto obter e valorar a información relevante sobre as características dos alumnos e alumnas, e a situación na que se atopan en relación co programa que se vai tratar na aula.

Realizarase unha proba escrita dos contidos en cada nivel, que será cualificada, pero non terá validez no cómputo final para a nota da 1ª avaliación. Trátase dunha proba diagnóstica para establecer o nivel do alumnado e ver se debemos ou non reaxustar pedagoxicamente o grupo ou un alumno/a en concreto.

Ademais, tratarase de realizar unha pequena proba oral para valorar a expresión e a competencia de cada alumno/a nese apartado. Trátase dunha proba diagnóstica que servirá tamén para reaxustar pedagoxicamente un alumno/a en concreto.

Tamén se terá en conta a observación directa do alumnado na aula nos quince ou vinte primeiros días de curso. Nesta observación intentarase valorar non só o nivel competencial do alumno/a na materia, senón outros aspectos como o grao de integración, a participación etc.

A medida que se van desenvolvendo os contidos e a aprendizaxe dos alumnos, iremos detectando os seus avances, pero tamén as súas dificultades para aprender. Este momento do proceso -avaliación continua e formativa- permitiranos comprobar se os alumnos/as progresan e incorporan novos contidos ou se presentan grandes dificultades de aprendizaxe. Se este fose o caso, tentaremos poñer solución adoptando, en calquera momento do curso, medidas de reforzo ou de ampliación individualizadas, que traten de garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o proceso educativo.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>14</b>	<b>20</b>	<b>12</b>	<b>20</b>	<b>14</b>	<b>20</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	75	80	80	85	80	80	<b>80</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	25	20	20	15	20	20	<b>20</b>

### Criterios de cualificación:

Os resultados da avaliación do alumnado expresaranse nos seguintes termos: Insuficiente (IN), Suficiente (SU), Ben (B), Notable (NT) e Sobresaliente (SB). Considérase cualificación negativa a de Insuficiente (1, 2, 3 ou 4) e positivas todas as demais. Irán acompañadas dunha cualificación numérica, sen empregar decimais (aplicaranse as normas de redondeo) nunha escala de 1 a 10, e aplicaranse as seguintes correspondencias:

- Insuficiente: 1, 2, 3 ou 4.
- Suficiente: 5
- Ben: 6
- Notable: 7 ou 8

-Sobresaliente: 9 ou 10.

Co obxectivo de establecer criterios comúns á hora de avaliar o alumnado, este departamento decidiu propor as seguintes porcentaxes nos **criterios de cualificación:**

a) **70% da cualificación total.**

Probas escritas sobre procedementos e conceptos tanto de Lingua (35%) como de Literatura (35%).

b) **10% da cualificación total.**

Elaboración de textos escritos e/ou comprensión e expresión oral.

Á hora de avaliar as probas escritas dos apartados a) e b) terase en conta a corrección na expresión: presentación, ortografía, puntuación, acentuación, redacción...

Os erros poderán descontar ata un máximo de 2 puntos sobre a cualificación global. O cálculo levarase a cabo segundo a seguinte clasificación:

- Moi graves: solucións que son alleas ao sistema lingüístico do galego, como tempos compostos, mala colocación dos clíticos, etc. Descontaranse 0,2 puntos por cada un.

- Graves: solucións ortográficas contrarias á norma lingüística (b/v, h, y, etc.) e acentuación diacrítica. Descontarase 0,1 punto por cada un.

- Leves: solucións galegas alleas ao estándar vixente e acentuación non diacrítica. Descontaranse 0,05 puntos por cada un.

c) **10% da cualificación total.**

Lecturas comúns e voluntarias.

Dado que o fomento da lectura aparece como un dos obxectivos básicos deste departamento, as lecturas voluntarias realizadas por alumnos e alumnas ao longo do curso computaranse sempre en positivo, é dicir, computará positivamente realizar lecturas non obrigatorias, pero non se penalizará o feito de non realizalas.

Queda a criterio do profesor/a o tipo de proba ou de seguimento que se realice para verificar se a obra foi lida polo alumnado (club de lectura, proba escrita, traballo...).

d) **10% da cualificación total.**

A súa valoración dependerá, en cada avaliación, dos criterios de que dispoña cada docente segundo o traballo desenvolvido; é dicir, non sempre será posible ter en conta todo o que a seguir se enumera. En todo o caso, teñen cabida:

- Traballos encomendados polo profesorado e entregados dentro do prazo.

- Controis puntuais (con ou sen aviso previo).

- Uso oral da lingua na aula.

- Seguimento do alumno/a, a partir da seguinte escala de estimación:

- Ten realizadas as tarefas cando llas demanda a profesora.

- Segue as instrucións académicas.

- Participa activamente na aula.

- Realiza preguntas pertinentes e consulta as dúbidas.

- Os seus cadernos reflicten as actividades de aula.

- Respecta a súa quenda e intervén de xeito oportuno.

- Traballa correctamente cos seus compañeiros e compañeiras.

- Trae o material, é coidadoso/a con el, arquívao e presenta debidamente os seus escritos.

Seguindo na liña da didáctica común para todas as linguas do centro, poderemos utilizar o modelo de rúbrica común a outros departamentos de linguas, como criterio de corrección para certas tarefas da clase, mediante a cal obteremos unha valoración individualizada para os estándares de aprendizaxe. Este modelo de rúbrica pode ser modificado por calquera compoñente do departamento para adaptalo ás valoracións concretas que precise rexistrar no seu traballo docente. En calquera caso, esta rúbrica, ou outra similar feita para avaliar unha tarefa concreta, só será utilizada naqueles casos en que a profesora encargada o valore conveniente.

Modelo de rúbrica (Escala de observación) (EO):

Escala de cualificación

1 2 3 4 5

Estándar 1

Estándar 2

Estándar 3

Estándar 4

#### Cualificacións Descrición

- 5 Demostra total comprensión do problema. Todo o que require a tarefa está incluído na resposta.
- 4 Demostra considerable comprensión do problema. Todo o que require a tarefa está incluído na resposta.
- 3 Demostra comprensión parcial do problema. A maior cantidade do que require a tarefa está comprendido na resposta.
- 2 Demostra pouca comprensión do problema. Moitos dos requirimentos da tarefa faltan na resposta.
- 1 Non comprende o problema.

Unha vez rematada a 3ª avaliación, farase un cálculo da cualificación media ponderada das tres avaliacións, seguindo a seguinte táboa:

1ª avaliación	2ª avaliación	3ª avaliación
30%	30%	40%

Considerarase que un alumno ou alumna superou a materia no curso ordinario cando a nota media calculada segundo a táboa anterior sexa igual ou superior a 5 p.

Avaliación final de xuño.

En virtude da ORDE do 27 de decembro de 2022, a cualificación da avaliación final do curso queda da seguinte maneira:

1. Considerarase que un alumno ou alumna superou a materia cando a nota media ponderada das tres avaliacións, cos seus respectivos plans de recuperación, sexa igual ou superior a 5 p.
2. Alumnado coa materia non superada: unha vez rematada a 3ª avaliación e final, e feito o cálculo da cualificación media ponderada das tres avaliacións, considerarase que un alumno ou alumna non superou a materia no curso ordinario cando a nota media sexa inferior a 5 p.

#### **Criterios de recuperación:**

A docente establecerá as medidas de reforzo necesarias encamiñadas a que todo o alumnado adquira os coñecementos necesarios para o desenvolvemento das competencias.

Se un alumno/a suspende unha avaliación, seguirase o seguinte procedemento para a súa recuperación:

- O alumno/a fará unha proba escrita de recuperación das unidades didácticas denominadas "As nosas letras", que se corresponden co bloque de "Educación literaria" e con algúns conceptos do bloque de "Comunicación", aqueles referidos á análise de textos de diferente tipo. Esta proba computará o 35 % da cualificación, que é o seu valor na avaliación.
- O alumno/a poderá realizar exercicios de reforzo para acadar a aprendizaxe dos contidos das unidades denominadas "A nosa lingua I, II e III", pero non haberá proba de recuperación, ao se tratar de contidos progresivos que volven a entrar no seguinte trimestre. Así, se o alumno/a aproba a seguinte avaliación, esa parte queda recuperada automaticamente, o que supón o 35% da cualificación.
- Se o alumno/a tamén suspende os libros de lectura, na proba de recuperación haberá algunha pregunta referida á lectura, que computará un 10%, que é a porcentaxe de cualificación correspondente ás lecturas.
- Para recuperar o apartado de elaboración de textos escritos, o alumnado deberá entregalos ao longo do curso (10% da cualificación). Se non os entrega, este apartado será cualificado cun cero (0).
- Para recuperar o apartado do traballo desenvolvido, a docente traballará con rúbricas que reflicten o avance - se se produce- do alumno ou alumna. Ao longo do curso, o alumno/a será advertido destes aspectos que son cualificados co 10% (1 punto) e poderá traballar para acadalo (realizar e presentar debidamente as tarefas, reflectir no caderno o traballo de aula, realizar preguntas pertinentes e consultar dúbidas...).

### **5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

Como método de traballo, coa coordinación do xefe de departamento, cada docente se ocupará das materias pendentes do alumnado ao que imparta clase. O/a docente determinará a cualificación obtida polo alumno/a en cada avaliación e tamén na final. Desta forma o seguimento do alumnado é mais intenso e as posibilidades de recuperación das materias pendentes máis altas.

O alumnado deberá realizar un plan de traballo, fichas, que o xefe de departamento lle dará a cada alumno/a e tamén deberá presentarse aos exames que para materias pendentes establece o centro. Para a elaboración desas probas o departamento terá en conta os contidos mínimos da materia nos seus respectivos niveis.

Cada alumno/a recibirá un plan de recuperación, no que se lle indica as tarefas que deberá facer.

O profesor/a da materia ou o xefe de departamento preguntarlles periodicamente sobre o ritmo de realización e as dúbidas que poidan xurdir, co fin de resolvelas. Trátase de levar un control periódico do traballo coa materia. Este procedemento complétase co seguimento que cada profesor do curso superior poida facer da materia pendente nos

alumnos/as respectivos.

**CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:**

O traballo das tarefas contará un 30% da nota global. O prazo de entrega coincidirá coa data oficial da proba. O exame contará un 70% da nota global. Unha vez realizada a media ponderada de tarefas e proba escrita, poden darse os seguintes casos:

1. Alumnado coa materia pendente superada: considerarase que un alumno ou alumna superou a materia pendente cando a nota media sexa igual ou superior a 4.50 p.

2. Alumnado coa materia pendente non superada: considerarase que un alumno ou alumna non superou a materia no curso ordinario cando a nota media sexa inferior a 4.50 p. Neste caso, ofertarase unha última proba global, previa á avaliación final, ao alumnado que non lograse recuperala. Dita proba terá un valor do 100% na avaliación final.

**DOCUMENTACIÓN COA INFORMACIÓN SOBRE O SISTEMA DE RECUPERACIÓN DA MATERIA PENDENTE: ATENCIÓN DE PENDENTES**

O Departamento de Lingua galega e Literatura ponse a disposición do alumnado coa materia pendente a través do profesorado de referencia do curso actual. O profesorado buscará o momento máis adecuado para atender o alumnado que o requira.

O alumnado e familias deberán asinar un escrito mediante o que acreditan coñecer os requisitos para aprobar a materia pendente.

Os pais/nais e/ou titores/as legais serán informados da evolución académica dos seus fillos/as, a través dos boletíns das avaliacións do curso actual. Esta cualificación será, polo menos, numérica, mais poderá ir acompañada dun informe do profesor/a de referencia.

O Departamento, a través do titor ou titora, entregará ao alumnado coa materia pendente, entre outubro e principios de novembro, a seguinte información e documentación:

- Criterios de avaliación de pendentes.

- Actividades de pendentes.

Acuse de recibo que deberá ser asinado polo alumnado coa materia pendente e polo pai, nai ou titor/a legal. O documento será o seguinte:

**DEPARTAMENTO DE LINGUA GALEGA E LITERATURA**

Curso académico 2023-2024

O/A alumno/a \_\_\_\_\_ coa(s) materia(s) pendente(s) de \_\_\_\_\_ (nivel/ niveis) foi informado/a polo/a seu/súa profesor/a actual \_\_\_\_\_, sobre os requisitos para aprobar a(s) materia(s) pendente(s).

Asinado:

A Estrada, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2023

**ACUSE DE RECIBO**

O pai/nai/ titor/a legal do alumno/a \_\_\_\_\_ coñece os requisitos para aprobar a materia(s) pendente(s) de Lingua Galega e Literatura.

Asinado:

A Estrada, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2023

## **6. Medidas de atención á diversidade**

As medidas de atención á diversidade na ESO estarán orientadas a responder ás necesidades educativas concretas do alumnado, ao logro dos obxectivos da educación secundaria obrigatoria e á adquisición das competencias correspondentes, e non poderán, en ningún caso, supor unha discriminación que lles impida alcanzar os devanditos obxectivos e competencias, e a titulación correspondente.

Os e as docentes desenvolverán e complementarán, de ser o caso, o currículo e as medidas de atención á diversidade establecidas pola consellería con competencias en materia de educación, adaptándoas ás características do alumnado e á súa realidade educativa, coa finalidade de atender todo o alumnado. Así mesmo, arbitrarán métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, favorezan a capacidade de aprender por si mesmo e promovan o traballo en equipo.

Para o alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais (espectro TEA...), por dificultades específicas de aprendizaxe, trastorno por déficit de atención e hiperactividade (TDAH), polas súas altas capacidades intelectuais, por se incorporar tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar, estableceranse as medidas curriculares e organizativas necesarias co fin de que poida alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais e os obxectivos e competencias establecidos en cada etapa para todo o alumnado.



A escolarización do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo rexeráse polos principios de normalización e inclusión, e asegurará a súa non-discriminación e a igualdade efectiva no acceso e na permanencia no sistema educativo. A identificación e a valoración do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e, de ser o caso, a intervención educativa derivada desa valoración, realizaranse do xeito máis temperán posible, nos termos que determine a consellería con competencias en materia de educación. Os centros docentes deberán adoptar as medidas necesarias para facer realidade esa identificación, valoración e intervención.

Correspóndelle á Consellería con competencias en materia de educación establecer as condicións de accesibilidade e deseño universal, e os recursos de apoio que favorezan o acceso ao currículo do alumnado con necesidades educativas especiais, e adaptar os instrumentos e, de ser o caso, os tempos e os apoios que aseguren unha correcta avaliación deste alumnado.

O profesorado, igualmente, seguirá os protocolos de atención á diversidade establecidos, por exemplo, na realización de probas.

A coordinación co departamento de orientación e profesorado de apoio e reforzo será fundamental para a consecución dos obxectivos do curso.

As medidas concretas de atención á diversidade que afectan neste curso escolar ao Departamento de LGL son as seguintes:

- Adaptacións curriculares á espera do que se determine na xunta de Avaliación Inicial.
- Seguimento do protocolo para o alumnado con NEE, nomeadamente o TDHA.

Aínda que neste curso os Reforzos de lingua van ser impartidos polo departamento de Xeografía e historia, a coordinación será continua, tratando de acordar criterios, non só no relativo á materia que vai ser impartida e á súa distribución, senón que se consensuará metodoloxía e materiais empregados.

A distribución do alumnado foi realizada tendo como criterio único o equilibrio no nivel competencial do alumnado. Das incidencias ou modificacións que se poidan producir ao longo do curso darase conta nas Actas de Reunión de Departamento.

A materia impartida nos grupos de reforzo terá como referencia a materia impartida no grupo de referencia, pero contará con maior liberdade para poder paliar necesidades básicas de lecto-escritura que non poden ser traballadas na aula convencional.

No tocante ao alumnado con Trastorno de déficit de atención e hiperactividade, tomaranse as seguintes medidas educativas:

- Localización da alumna ou do alumno na aula. Considérase que o alumnado con TDAH debe estar sentado cerca da mesa do profesorado e ao lado de compañeiras ou compañeiros que lle sirvan de modelo de tranquilidade, de orde e de axuda, na medida do posible. Este curso, debido á situación de pandemia, o alumnado foi colocado por orde alfabética e valorárase na avaliación inicial a pertinencia ou non de realizar cambios tendo en conta as necesidades deste tipo de alumnado.

- Exames ou probas escritas con tratamento diferenciado:
  - Deixar máis tempo para os exames ou probas escritas, incluso dividilas en dúas sesións, e ser flexibles na súa duración.
  - Deixar suficiente espazo entre as preguntas, e supervisar a súa comprensión e execución ou fragmentar o exame.
  - Pedir que se revisen os traballos e os exames antes de entregalos.
  - Presentar escrito o texto dos exames, salientando as partes máis importantes de cada cuestión e, no caso de preguntas complexas, diferenciando ben cada tarefa.

- Material de reforzo e/ou ampliación para o alumnado que o precise.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - ET.1 - Comprensión lectora é un elemento transversal que se traballa diariamente nas clases de lingua. O traballo da comprensión lectora en lingua abrangue toda clase de tipoloxías textuais e temáticas.	X	X	X			
ET.2 - ET.2 - Expresión oral e escrita. O traballo de expresión oral toma protagonismo en lingua galega pola falta de hábito do uso oral formal da lingua entre o alumnado. Trátase dunha ferramenta competencial en lingua mais tamén dun elemento transversal ao resto do currículo. Por outra parte, a expresión escrita, igualmente é competencial en lingua, ao tempo que é un elemento transversal fundamental .	X	X	X			
ET.3 - ET.3 - Comunicación audiovisual e TIC. A utilidade da comunicación audiovisual e a competencia dixital converten este elemento en recurso imprescindible de clara transversalidade máis alá da na materia de lingua.	X	X	X			
ET.4 - ET.4 - Emprendemento social e empresarial. O fomento do emprendemento tanto social coma empresarial convértese nun elemento que é fundamental traballar en todas as materias, incluída a de lingua e literatura.		X				

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.5 - ET.5 - Fomento do espírito crítico e científico. A materia de lingua é idónea para traballar estes elementos transversais: o espírito crítico, a aplicación do método científico, e a procura de información de carácter científico en xeral e a súa aprendizaxe como xeito de conseguir unha formación integral. Neste apartado incluímos textos, vídeos etc. de concienciación sobre o cambio climático.	X	X	X			
ET.6 - ET.6 - Educación emocional e en valores. Moitos dos textos traballados en lingua fomentan valores tales como o respecto polos dereitos humanos, o pluralismo, a paz, a xustiza... e tamén a capacidade para resolver conflitos persoais ou sociais, buscando vías de consenso e o equilibrio emocional.	X	X	X			
ET.7 - ET.7 - Creatividade. Este elemento transversal está presente de xeito continuado na materia de lingua e literatura, dado que moitas tarefas son creacións de textos narrativos, dramáticos, ou mixtos. Ao tempo trabállanse a comprensión lectora, expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual e as TIC.	X	X	X			
ET.8 - ET.8 - Igualdade de xénero. Este elemento transversal ten moita relevancia na materia de lingua e literatura, posibilitando reflexionar, a través de textos de todas as tipoloxías, e actuar como contrapeso de informacións de modelos de comportamentos sexistas que o alumnado recibe sobre todo a través de redes sociais.	X	X	X			

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.9 - ET.9 - Educación para a saúde. Neste elemento transversal incluímos a educación afectivo-sexual, buscando educar na igualdade e no equilibrio emocional e facendo fincapé na aprendizaxe da xestión das emocións e nos hábitos de vida saudable.	X	X	X			

#### Observacións:

1. Sen prexuízo do seu tratamento específico na materia de lingua galega e literatura, a comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competenciadixital, o emprendemento social e empresarial, o fomento do espírito crítico e científico, a educación emocional e en valores, a igualdade de xénero e a creatividade son elementos transversais en todas as materias.
2. En todo caso, fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a concienciación e formación sobre o cambio climático, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.
3. Do mesmo xeito, promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, a pluralidade e o respecto polo Estado de dereito.
4. Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero. Así mesmo, empregarase unha linguaxe libre de prexuízos e estereotipos sexistas e que sexa non sexista, nos termos establecidos legalmente.
5. A consellería con competencias en materia de educación fomentará as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita á Casa-Museo de Rosalía de Castro	Actividade que se desenvolverá no 2º trimestre, para completar a formación do alumnado no tema de Rosalía de Castro.		X	
Parladoiros das Letras	Actividade no Teatro Principal, que desenvolve a concellaría de Cultura, coa visita de escritores e escritoras.	X	X	X
Visitas a Radio Estrada	Colaboración co programa As mañáns do sábado, que dirixe Isabel Durán.	X	X	X

#### Observacións:

O profesorado integrante do Departamento de Lingua Galega e Literatura colabora co Equipo de Biblioteca do centro e co Equipo de Dinamización Lingüística (EDLG). Este feito favorece a participación deste departamento en todas aquelas actividades que dende estes organismos se levan a cabo no instituto: a organización de distintos festivais ao longo do ano e a participación activa do alumnado nestes festivais, as representacións dramáticas, recitais de poemas, campañas de sensibilización de temática variada, certames literarios, monólogos dramatizados, campañas de fomento da lectura, talleres literarios, campañas de concienciación ou normalización lingüística, o club de lectura, charlas con escritores e escritoras...

As actividades que se realizan en colaboración co Equipo de biblioteca e EDLG (as datas concretas están aínda sen determinar) desenvolveranse ao longo do curso, nas datas que se achegan a seguir.

Entre esas actividades destacamos:

- Día das Bibliotecas Escolares (outubro).
- Mes da ciencia en galego (novembro).
- Día de Castelao (xaneiro).
- Día de Rosalía. (febreiro).
- Día do libro (abril).
- Semana da Lusofonía (abril).
- Día das Letras Galegas (maio).
- Correlingua (maio).
- Festa das palabras (maio).
- Videoconferencia con centros de primaria.

Así mesmo, colaboraremos naquelas actividades que o Departamento de Extraescolares nos propoña, como pode ser o Entroido.

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

<b>Indicadores de logro</b>
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
De planificación: 1. Programo a materia tendo en conta os descritores operativos previstos na normativa legal vixente. 2. Programo a materia tendo en conta os plans e proxectos educativos do centro. 3. Programo a materia tendo en conta o tempo dispoñible para o desenvolvemento desta. 4. Formulo os obxectivos didácticos de forma que expresen claramente as competencias a acadar polo alumnado. 5. Selecciono e distribúo de forma progresiva os contidos da programación de aula tendo en conta as particularidades de cada un dos grupos de estudantes. 6. Programo actividades e estratexias en función dos criterios de avaliación e das necesidades do alumnado. 7. Planifico as clases de modo flexible, preparando actividades e recursos axustados á programación da aula e ás necesidades e aos intereses do alumnado. 8. Establezo os criterios, procedementos e instrumentos de avaliación. 9. Coordínome co resto do profesorado que poida ter contidos afíns (Tratamento Integrado de Linguas).
Metodoloxía empregada
De desenvolvemento: 1. Estruturo e organizo os contidos dando unha visión xeral de cada tema (índices, mapas conceptuais, esquemas...) 2. Cando introduzo conceptos novos, relaciónoos cos xa coñecidos. 3. Amoso predisposición para aclarar dúbidas e ofrecer asesorías dentro e fóra das clases. 4. Optimizo o tempo dispoñible para o desenvolvemento de cada unidade didáctica. 5. Utilizo as TIC para apoiar os contidos na aula. 6. Promovo o traballo cooperativo e manteño unha comunicación fluída co alumnado. 7. Desenvolvo os contidos dunha forma ordenada e comprensible para os alumnos e as alumnas. 8. Presento actividades que permitan a adquisición dos estándares de aprendizaxe e as destrezas propias da etapa educativa. 9. Presento actividades de grupo e individuais. 10. Facilito estratexias de aprendizaxe (como buscar información, como resolver problemas...)

#### Medidas de atención á diversidade

De seguimento e avaliación: 1. Realizo a avaliación inicial ao principio do curso para axustar a programación ao nivel do alumnado. 2. Detecto os coñecementos previos a cada tarefa de aprendizaxe. 3. Reviso os traballos propostos na aula e fóra dela. 4. Fornezo a información necesaria sobre a resolución das tarefas e como poder melloralas e informo detalladamente dos criterios de avaliación e instrumentos de avaliación e cualificación. 5. Corrijo e explico de forma habitual os traballos e as actividades do alumnado e dou pautas para a mellora das súas aprendizaxes. 6. Utilizo sistematicamente procedementos e instrumentos variados de recolla de información. 7. Utilizo suficientes criterios de avaliación que atendan de xeito equilibrado á avaliación dos diferentes contidos e das competencias clave. 8. Favorezo os procesos de autoavaliación e coavaliación. 9. Propoño novas actividades. 10. Informo dos resultados aos estudantes e aos pais e nais.

#### Clima de traballo na aula

De motivación do alumnado: 1. Proporciono un plan de traballo ao principio de cada tarefa. 2. Utilizo distintos recursos para introducir a unidade (lecturas, cancións, vídeos, debates, diálogos...). 3. Relaciono as aprendizaxes con aplicacións reais ou coa súa funcionalidade. 4. Informo sobre os progresos acadados e as dificultades atopadas. 5. Relaciono os contidos e actividades cos intereses do alumnado. 6. Estimulo a participación activa dos estudantes na aula. 7. Promovo a reflexión sobre os temas tratados. 8. Demostro sensibilidade ante os problemas do alumnado e as súas diferenzas culturais e de procedencia. 9. Establezo comunicación continuada co alumnado imposibilitado de asistir temporalmente ao centro por hospitalización ou outras circunstancias

#### Descrición:

A presente programación concíbese como algo vivo, non fixo nin ríxido, e terá de ser avaliada dun xeito progresivo e continuado ao longo do curso.

Este seguimento reflexivo terá o seu conxunto e contraste nas reunións periódicas de departamento, onde cada membro do departamento informará das estratexias e todo tipo de ideas que se van xestando.

Un dos aspectos de autoavaliación será o propio cronograma, isto é, a distribución da materia e das actividades didácticas, exames, avaliacións etc., nunhas datas determinadas. Aínda que desde o inicio se programa con realismo, só a aplicación práctica dos procedementos dará a medida da aptitude do programado.

Calquera aspecto do curso (libros de lectura, viabilidade de libros de texto, capacidade receptiva do alumnado, etc.) poderá ser revisado ao longo do ano lectivo, podendo ser sometido a modificacións en virtude das circunstancias específicas de cada grupo.

a) Con respecto á planificación, poderanse ter en conta os seguintes indicadores:

1. Programa a materia tendo en conta os descritores operativos.
2. Programa a materia tendo en conta os planos e proxectos educativos do centro.
3. Programa a materia tendo en conta o tempo de que se dispón para o desenvolvemento desta.
4. Formula os obxectivos didácticos de forma que expresen as competencias a acadar.
5. Programa actividades e estratexias en función dos descritores operativos e das necesidades do alumnado.
6. Planifica as clases de modo flexible, preparando actividades e recursos axustados á programación da aula e ás necesidades e aos intereses do alumnado.
7. Establece, de xeito explícito, os criterios, procedementos e instrumentos de avaliación.
8. Coordínase co resto do profesorado do departamento e do centro que poida ter contidos afíns (Tratamento Integrado de Linguas).

b) Con respecto ao desenvolvemento, os indicadores serían:

1. Organiza os contidos dando unha visión xeral de cada tema (índices, esquemas...) e os explica con claridade.
2. Relaciona os conceptos novos cos xa coñecidos.
3. Mostra predisposición para aclarar dúbidas e ofrecer asesorías dentro e fóra das aulas.
4. Optimiza o tempo de que se dispón para o desenvolvemento do Proxecto.
5. Utiliza as TIC para apoiar os contidos na aula.
6. Promove o traballo cooperativo e mantén unha comunicación fluída co alumnado propiciando un ambiente motivador.
7. Desenvolve os contidos dunha forma ordenada e comprensible para os alumnos e as alumnas.
8. Elabora actividades que permitan a adquisición das competencias lingüísticas (comprensión e expresión oral e escrita).
9. Presenta actividades de grupo e individuais.
10. Facilita estratexias de aprendizaxe (como buscar información, ou resolver problemas).

11. Atende á diversidade do alumnado e aplica os protocolos correspondentes.
12. Consegue adecuar as unidades didácticas á temporalización.

c) Con respecto ao seguimento e avaliación, eis os indicadores:

1. Realiza a avaliación inicial ao principio do curso para axustar a programación ao nivel do alumnado.
2. Detecta os coñecementos previos a cada tarefa de aprendizaxe.
3. Revisa os traballos propostos na aula e fóra dela.
4. Fornece a información necesaria sobre a resolución das tarefas e como pode melloralas e informa detalladamente dos criterios de avaliación e instrumentos de avaliación e cualificación.
5. Corrixe e explica de forma habitual os traballos e as actividades do alumnado e dá pautas para a mellora das súas aprendizaxes.
6. Utiliza sistematicamente procedementos e instrumentos variados de recolla de información.
7. Utiliza suficientes criterios de avaliación que atendan de xeito equilibrado á avaliación dos diferentes contidos e das competencias clave.
8. Favorece os procesos de autoavaliación e coavaliación.
9. Propón novas actividades que faciliten a adquisición de obxectivos cando estes non foron alcanzados suficientemente.
10. Propón novas actividades de maior nivel cando os obxectivos foron alcanzados con suficiencia.
11. Emprega diferentes medios para informar dos resultados aos estudantes e aos pais e nais.

d) Con respecto á motivación do alumnado, os indicadores serán:

1. Proporciona un plan de traballo ao principio de cada tarefa.
2. Utiliza distintos recursos para introducir a unidade (lecturas, cancións, vídeos, debates, diálogos...).
3. Relaciona as aprendizaxes con aplicacións reais ou coa súa funcionalidade.
4. Informa sobre os progresos acadados e as dificultades atopadas.
5. Relaciona os contidos e actividades cos intereses do alumnado.
6. Estimula a participación activa dos estudantes na aula.
7. Promove a reflexión sobre os temas tratados.
8. Demostra sensibilidade ante os problemas do alumnado e as súas diferenzas tanto culturais como de procedencia.
9. Establece comunicación continuada co alumnado imposibilitado de asistir temporalmente ao centro por hospitalización ou outras circunstancias.

Os INDICADORES DE LOGRO mediranse do 1 ao 5 do seguinte xeito:

- Nunca (1)
- Poucas veces (2)
- A miúdo (3)
- Case sempre/ habitualmente (4)
- Sempre (5)

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A presente programación concíbese como algo vivo, non fixo nin ríxido, e terá de ser avaliada dun xeito progresivo e continuado ao longo do curso.

Nas sucesivas reunións de departamento semanais irase comprobando e valorando a adecuación desta programación á realidade da aula, ao tempo que se irán anotando os cambios que se vaian producindo, así como os aspectos positivos e os negativos relacionados con esta programación.

Despois de cada avaliación recollaranse os resultados no libro de actas e en reunións de departamento e analizaranse pormenorizadamente, con vistas a realizar os cambios e modificacións pertinentes.

No final de curso, redactarase unha memoria de departamento na que se contemplarán de novo todos os cambios levados a cabo ao longo do curso e se incluírá tamén un proxecto de melloras para o curso seguinte. Nesta memoria final cuestionaranse aspectos do labor docente como a metodoloxía, o material didáctico, os procedementos de avaliación ou calquera outra cuestión que deba terse en conta para mellorar a práctica educativa no futuro.

Para facilitar e sistematizar esta tarefa de avaliación da programación didáctica, utilizaremos esta táboa na que novamente os indicadores van de 1 (nunca) ata 4 (sempre), así como unha proposta de mellora.

Seguimento e avaliación

1. Realizo a avaliación inicial ao principio do curso para axustar a programación ao nivel dos estudantes.
2. Detecto os coñecementos previos de cada unidade didáctica.
3. Reviso, con frecuencia, os traballos propostos na aula e fóra dela.
4. Proporciono a información necesaria sobre a resolución das tarefas e como podo melloralas.
5. Corrijo e explico de forma habitual os traballos e as actividades dos alumnos e das alumnas, e dou pautas para a mellora das súas aprendizaxes.
6. Utilizo sistematicamente procedementos e instrumentos variados de recollida de información sobre os alumnos e alumnas.
7. Utilizo suficientes criterios de avaliación que atendan de xeito equilibrado a avaliación dos diferentes contidos.
8. Favorezo os procesos de autoavaliación e coavaliación.
9. Propoño novas actividades que faciliten a adquisición de obxectivos cando estes non foron alcanzados suficientemente.
10. Propoño novas actividades de maior nivel cando os obxectivos foron alcanzados con suficiencia.
11. Utilizo diferentes técnicas de avaliación en función dos contidos, do nivel dos estudantes, etc.
12. Emprego diferentes medios para informar dos resultados aos estudantes e aos pais e nais.

Propostas de mellora: \_\_\_\_\_

#### Motivación do alumnado

1. Proporciono un plan de traballo ao principio de cada unidade.
2. Considero situacións que introduzan a unidade (lecturas, cancións, vídeos, debates, diálogos...).
3. Relaciono as aprendizaxes con aplicacións reais ou coa súa funcionalidade.
4. Informo sobre os progresos acadados e as dificultades atopadas.
5. Relaciono os contidos e actividades cos intereses do alumnado.
6. Estimulo a participación activa dos estudantes na clase.
7. Promovo a reflexión sobre os temas tratados.

Propostas de mellora: \_\_\_\_\_

1 (Nunca), 2 (Poucas veces), 3 (Case sempre), 4 (Sempre)

Este seguimento reflexivo terá o seu confronto e contraste nas reunións periódicas de Departamento, onde cada profesor e profesora informará das estratexias e todo tipo de ideas que se van xestando.

Un dos aspectos de autoavaliación será o propio cronograma, isto é, a distribución da materia e das actividades didácticas, exames, avaliacións etc. nunhas datas determinadas. Aínda que desde o inicio se programa con realismo, só a aplicación práctica dos procedementos dará a medida da aptitude do programado.

## 9. Outros apartados

### 1. ACCIÓNS QUE CONTRIBÚEN AO PROXECTO LECTOR

Está prevista unha lectura de carácter común para cada un dos niveis e en cada unha das avaliacións, así como unha listaxe de lecturas voluntarias. A lectura, comprensión e análise de textos de todos os xéneros terá unha importancia capital. Faranse lecturas dramatizadas, declamación de poemas... Darase importancia á creación de textos literarios, coa aprendizaxe de técnicas. Este departamento está implicado nas actividades que dende a Biblioteca do centro se van levar a cabo. Queda aberto a cantas actividades, estratexias e propostas poidan xurdir ao longo do curso para mellorar a formación do alumnado do centro neste sentido. Ademais do Club de Lectura anual, seguirase coa práctica desta experiencia a nivel de aula. O PLAN LECTOR para este curso continuará co aproveitamento das horas de garda como horas de lectura.



## **2. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC**

Desde a implantación das novas tecnoloxías no mundo do ensino, este Departamento tentou utilizalas: - No uso dos medios audiovisuais anteriores á informática (vídeo, audio). - No emprego do ordenador como método de traballo dentro e fóra da aula, aínda antes de internet. - Uso da rede en vivo na propia aula (con proxectores xa instalados) e nas aulas acondicionadas para o caso que se van multiplicando nos espazos do centro. - Concédese validez ao uso do móbil para aplicacións didácticas, sempre contando coa responsabilidade de cada profesor/a, que deberá previamente informar ás familias do seu uso, sinalando o día e hora e a actividade concreta en que vai ser utilizado. - Utilización de E-Dixgal ou da Aula Virtual para as explicacións da materia. -Importancia de tarefas relacionadas coas novas tecnoloxías: vídeos, podcast...

## **3. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA**

Todo tipo de actuación na aula e fóra dela contribúe de firme a unha convivencia segura e axeitada no marco do centro. Un elo importante desa cadea constitúeno as nosas actividades complementarias e extraescolares, especialmente as viaxes culturais de tipo interdisciplinar, que fomentan a convivencia e a realización conxunta de actividades entre alumnos e alumnas diversos.